



UNIVERSIDADE
DE VIGO

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE O COLEXIO DE EDUCADORES SOCIAIS DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE VIGO

Vigo 22 de novembro de dous mil un

REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Sr. Rector Magfco. da Universidade de Vigo, Don Domingo Docampo Amoedo, nomeado segundo o Decreto núm. 169/1998, do 5 de xuño, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) núm. 113 do 15 de xuño de 1998 de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 18 da Lei de Reforma Universitaria e o artigo 97 dos Estatutos, publicados no DOG., núm. 204, do 22 de outubro de 1993.

E doutra, Don Alberto Fernández de Sanmamed Santos, Presidente do Colexio de Educadores Sociais de Galicia.

Ámbalas partes recoñécense entre si capacidade xurídica suficiente e poder bastante para obrigarse neste Convenio e, a tal efecto,

EXPOÑEN

Que ámbalas entidades consideran de interese común promove-la cooperación e a colaboración para o desenvolvemento científico e tecnolóxico de Galicia, procurando unha aplicación práctica do coñecemento en proveito da nosa sociedade.

Que é desexo de ámbalas dúas institucións a suscripción dun Acordo Marco de Colaboración que instrumente e regule as súas relacións mediante a eventual suscripción de Convenios Específicos.

Por isto, ambas partes acordan suscribir este Convenio Marco de Colaboración, de acordo coas seguintes



UNIVERSIDADE
DE VIGO

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-

O obxecto deste convenio consiste en regula-la colaboración entre a Universidade de Vigo e o Colexio de Educadores Sociais de Galicia.

SEGUNDA.-

O propósito deste convenio é realizar actividades e proxectos en forma conxunta en todo tipo de asuntos que resulten de interese para as Institucións que representan, entre as cales, en forma enunciativa pero non limitada, menciónanse as seguintes:

- 
- 
1. Desenvolvemento de proxectos de investigación.
 2. Organización e realización de todo tipo de actividades académicas, tales como: cursos, conferencias, simposios, seminarios ou clases.
 3. Apoio a investigadores e estudantes.
 4. Intercambio de publicacións, traballos de investigación e de calquera tipo de materiais académicos que resulten de interese.
 5. Intercambio e colaboración en todo tipo de proxectos culturais de interese común.
 6. Prácticas de estudantes dos últimos cursos.
 7. Realización de actividades deportivas, cesión de instalacións e colaboración na creación de infraestructuras deportivas.
 8. Cantas outras sexan consideradas de interese mutuo, dentro das disponibilidades das partes e segundo a legalidade establecida no Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

TERCEIRA.-

Cada unha das partes comprométese a non difundir, baixo ningún aspecto, as informacións científicas ou técnicas no desenvolvemento dos proxectos de investigación que se leven a cabo.

Os datos e informes obtidos durante a realización dos proxectos conxuntos, así como os resultados finais, terán carácter confidencial. Cando unha das partes desexe utiliza-los resultados parciais ou finais, en parte ou na súa totalidade, para a súa publicación como artigo, conferencia, etc., deberá solicita-la conformidade da outra parte por escrito, mediante carta certificada dirixida ó responsable do seguimento do proxecto.



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Calquera que sexa o modo de difusión, respectarase sempre a mención dos autores do traballo. No caso de patentes, estes figurarán na calidade de inventores. En calquera caso, farase sempre referencia especial a este convenio.

CUARTA.-

No prazo de 30 días hábiles a partir da data de sinatura do presente convenio marco, constituirase unha Comisión Mixta, con representantes designados polos órganos rectores de ámbalas dúas partes en réxime de paridade. A dita comisión será o órgano de planificación, seguimento e avaliación das accións derivadas deste Convenio Marco e entenderá e resolverá tódalas cuestións relacionadas con el e cos convenios específicos. A Comisión Mixta reunirase sempre que o solicite unha das partes e, alomenos, unha vez ó ano, elevará informes e propostas ós órganos rectores de ámbalas partes.

QUINTA.-

A celebración deste Convenio Marco non supón ningún gasto para ningunha das partes asinantes, é por iso que non precisa consignación presupostaria.

SEXTA.-

Cada un dos programas concretos de colaboración entre ámbalas partes requirirá a elaboración dun Convenio específico no que se determinará:

1. Definición do obxecto que se persegue.
2. Descrición do programa de traballo, con indicación das súas distintas fases e do correspondente programa.
3. Formulación e aprobación do presuposto total asignando, de se-lo caso, a conseguinte partida presupostaria.
4. Relación das persoas que nel interveñen.
5. No caso de investigacións conxuntas estableceranse as bases de entendemento para a publicación de resultados, recoñecementos de créditos a investigadores, así como a forma de rexistro e participación no relativo a dereitos da propiedade industrial e intelectual.
6. Calquera outro aspecto que se considere relevante.



UNIVERSIDADE
DE VIGO

SÉTIMA.-

Este convenio empezará a produci-los seus efectos a partir da data da súa sinatura, e terá unha duración dun ano, podendo ser renovado de acordo co previsto no artigo 198 da *Lei de Contratos das Administracións Públicas*, cun máximo de catro anos.

OITAVA.-

No caso de que calquera das partes decida rescindir este convenio, deberá anunciálo á outra con, alomenos, tres meses de antelación.

As partes conveñen que, non obstante o anterior, os proxectos específicos e actividades que de se-lo caso se estivesen desenvolvendo no momento de declararse a terminación deste convenio, continuarán desenvolvéndose ata a súa total conclusión baixo as bases que orixinariamente se acordaron.

NOVENA.-

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas por este convenio por unha das partes, facultará á outra para rescindilo, quedando automaticamente anulados tódolos dereitos correspondentes sobre o obxecto do programa realizado.

DÉCIMA.-

As partes poderán denunciar ou modificar este documento en calquera momento e de mutuo acordo.

UNDÉCIMA.-

Os acordos que se reflicten neste convenio e nos específicos que se asignen, terán sempre carácter administrativo e non se deriva deles en ningún dos casos, dereitos ou obrigas de carácter laboral.

DUODÉCIMA.-

As cuestións litixiosas xurdidas verbo da interpretación, modificación, resolución e efectos deste convenio, serán resoltas en primeira instancia, pola Comisión Mixta Paritaria, os conflitos que poidan xurdir entre as partes e non



UNIVERSIDADE
DE VIGO

pidan ser resoltas na Comisión Mixta, someteranse á Resolución dun procedemento arbitral.

E en proba de conformidade, asínase o presente Convenio Marco en exemplar duplicado no lugar e data indicados ó comezo.

**POLA UNIVERSIDADE
DE VIGO**

Domingo Docampo Amoedo

**POLO COLEXIO DE EDUCADORES
SOCIAIS DE GALICIA**

Alberto Fernández de Sanmamed Santos



UNIVERSIDADE
DE VIGO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E O COLEXIO DE EDUCADORES SOCIAIS DE GALICIA

Vigo, 22 de novembro de dous mil un.

REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Sr. Rector Magfco. da Universidade de Vigo, D. Domingo Docampo Amoedo, nomeado segundo o decreto nº. 169/1998, do 5 de xuño, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG), nº 113 do 15 de xuño de 1998 de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 18 da Lei Reforma Universitaria e o artigo 97 dos Estatutos publicados no DOG., nº 214, do 22 de outubro de 1993.

E doutra,

D. Alberto Fernández de Sanmamed Santos, Presidente do Colexio de Educadores Sociais de Galicia,

Ámbalas dúas partes recoñécense entre sí a capacidade xurídica suficiente e poder bastante para obrigarse neste convenio e, a tal efecto

EXPOÑEN

Que ámbalas dúas entidades consideran de interese común promover a cooperación e a colaboración para o desenvolvemento da formación cultural e social da Comunidade Universitaria, procurando unha aplicación práctica en proveito da nosa sociedade.



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Que é desexo de ámbalas dúas institucións a subscrición do presente convenio de colaboración que instrumente e regule as súas relacións.

De tal modo, ámbalas dúas partes acordan subscribir este convenio de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-

O obxecto deste convenio é a colaboración entre a Universidade de Vigo e o Colexio de Educadores Sociais de Galicia, para a organización de actividades culturais como complemento na formación da Comunidade Universitaria que sexan de proveito mutuo, así como para beneficio de Galicia.

SEGUNDA.-

De acordo coa Normativa para o recoñecemento de cursos, seminarios e actividades académicas para a Libre Configuración, as actividades organizadas ó abeiro deste convenio, poderanse validar por créditos de Libre Configuración sempre que a duración mínima sexa de 30 horas lectivas (e cada trinta horas lectivas serán equivalente a un crédito), e reúna os demais requisitos da normativa para o recoñecemento de cursos, seminarios e actividades académicas para a libre configuración aprobada pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 10 de febreiro de 2000 e modificada en Xunta de Goberno do 2 de outubro de 2001. Cada unha das actividades organizadas deberán ser autorizadas previamente pola Comisión de Organización Académica e Validación (COAV).

[Firma manuscrita]



UNIVERSIDADE
DE VIGO

TERCEIRA.-

A sinatura deste convenio non supón gasto ningún para a Universidade de Vigo, polo que non precisa consignación presupostaria por parte desta Entidade.

CUARTA.-

Este convenio entrará en vigor a partir da data da súa sinatura tendo vixencia durante o curso académico 2001/2002, renovándose automaticamente se ningunha das partes o denuncia expresamente con alomenos dous meses de antelación á finalización do anterior convenio.

Estando as partes enteradas e conformes co contido e alcance do presente acordo, asinan o convenio colectivo por duplicado, no lugar e data indicados ó comezo.

POLA UNIVERSIDADE DE VIGO

Domingo Docampo Amoedo

POLO COLEXIO DE
EDUCADORES SOCIAIS DE
GALICIA

 **cesg** Colexio de
Educadores
Sociais de Galicia
Rúa Gómez Ulla, 7 - 3º - 15702 Santiago de Compostela
C.I.F.: Q-1500270-B

Alberto Fernández de
Sanmamed Santos